

CHARLOT EN... DÍA DE PAGA + ARMAS AO OMBRO!

1731

Charles Chaplin, 1918 - 1922

ESTREA EN NUMAX: 25.04.2020 | V.O.S.E. | 21' + 45'

CHARLOT EN... DÍA DE PAGA
Pay Day | Charles Chaplin | 21 min | 1922

Charlot traballa de peón. Cando chega tarde, agasállalle ao capataz un lirio branco para que o perdoe, pero é tan lento no seu traballo que o capataz trasládalo á sección de albanelaría, onde traballa tan de prisa que os compañeiros non son quen de segui-lo. Cando a filla do capataz aparece, Charlot perde a cabeza.

ARMAS AO OMBRO!
Shoulder Arms | Charles Chaplin | 45 min | 1918

Un soldado de infantaría en Francia soña con se converter nun heroe de guerra. Un día chégalle a oportunidade de infiltrarse tras as liñas inimigas. Coa axuda dunha moza francesa captura o Kaiser e o Príncipe convértese nun heroe.



CHARLOT EN... DÍA DE PAGA + ARMAS AO OMBRO!

Charles Chaplin, 1918 - 1922

Primeira comedia bufa sobre a guerra

Se eu tivese que elixir un fotograma dunha película que definise a Primeira Guerra Mundial sería sen dúbida algún de Charlot en *Armas ao ombro!*.

Está considerada como a primeira comedia bufa sobre a guerra e en certo sentido é un paradoxo que represente de forma tan realista á Primeira Guerra Mundial. O certo é que *Armas ao ombro!* recolle nas súas imaxes os arquetipos fundamentais das películas bélicas, arquetipos que logo volveremos atopar en moitas cintas posteriores: a fase de adestramento no campamento militar, a chegada á fronte, a camaradería, o aburrimiento das longas esperas, a crueldade do inimigo, a historia romántica... E mesmo termina cunha mensaxe pacifista no que se le "paz aos homes de boa vontade".

Armas ao ombro! foi realizada en 1918 e estreada o 20 de outubro dese ano. Iso quere dicir que cando se filmou xa se coñecían os horrores da guerra de trincheiras e que chegou ás pantallas antes de que o conflito terminase. O que máis sorprende da película é o detallismo na reconstrución da trincheira aliada (non así da xermana), tendo en conta que todo é un decorado e que os exteriores están filmados entre eucaliptos californianos a cousa ten bastante mérito. Aínda que hai un famoso erro no que se ve unha autoestrada con coches ao fondo na secuencia na que Charlot disfrazado de árbore é perseguido polo alemán gordo e barbudo.

Tamén son de destacar as caracterizacións do Kaiser (Syd Chaplin parente de Charlot e que tamén fai de sarxento) e de Hindenburg (Henry Bergman que tamén fai do gordo sarxento alemán). Tiveron o detalle de que o Kaiser permanece co seu brazo esquerdo inmóbil sobre o pomo da espada. Unha pose típica do auténtico Kaiser Guillermo, pois sufriu unha rotura no seu nacemento que o deixou paralizado.

Algúns dos "gags" ou personaxes son bastante típicos das películas de cine mudo. Se vemos o exército teutón enseguida aflora o riso ao ver o soldado barbudo ou ao tenente berrón. E non digamos xa da parte na que Charlot se camufla de árbore. Pero outros "gags" son bastante sorprendentes se temos en conta que era 1918. Agora non nos sorprende unha escena "vándala" pero era a primeira vez que se facían "gags" dalgunhas situacións bélicas que na realidade serían tremendamente tráxicas. E iso que aínda non terminara a guerra. É o caso da escena na que Charlot fai de francotirador, a inundación da trincheira, a caída de bombas mentres seguen comendo impertérritos ou a escena da máscara antigás co queixo limburger.

Persoalmente creo que o mellor "gag" é cando se dispoñen a atacar á trincheira alemá. Durante os preparativos Charlot comeza a ter malos presaxios: o seu número de identificación é o 13, rompe un espello, acende tres cigarros co mesmo misto. Pero tras o asalto el só captura a 13 alemáns (entre eles o tenente). O seu superior preguntalle que como o conseguiu e Charlot responde: "Rodeeinos".

Publicado en major-reisman-cine-belico.blogspot.com